



Informe da Xunta de Persoal da provincia de Lugo do xoves 17 de decembro de 2015

1. Lectura e aprobación da acta anterior.

Apróbase.

2. Acta da reunión mantida coa Xefatura Territorial e de Inspección o 27 de novembro de 2015.

Trátase este punto debido ao extenso da xuntanza e apróbase.

3. Información da Xefatura de Inspección de cambio de centro dunha profesora.

A Xefatura de Inspección trasladoulle a seguinte información ao Presidente da Xunta de Persoal, que procede a informar aos demais membros: trátase do desprazamento dunha persoa do Ceip da Ponte para a EPAPU de Albeiros, onde figura por riba de plantilla. A motivación da decisión é un informe da inspección médica polo que debido a unha doenza de tipo fisiolóxico, esta persoa non se encontra en disposición de estar ao cargo dunha titoría de 25 nenas/os de primaria.

A Xunta de Persoal observa que é un elemento positivo o feito de que a Xefatura de Inspección informe con celeridade á Xunta de Persoal. Sen menoscabo disto, observa que o axeitado sería convocar formalmente unha reunión coa XP. Ten lugar un intercambio de opinións, onde sae un caso que podería ser susceptíbel deste tratamento(en concordancia co proceder seguido no caso precedente), polo cal a cuestión require madurar a resposta e precisar os extremos da cuestión.

Acórdase adoptar un posicionamento sobre esta cuestión na primeira xuntanza de xaneiro, previa á reunión coa Xefatura de Inspección.

4. Rogos e preguntas

Infórmase de que é probábel unha reunión na segunda quincena de xaneiro coa Xefatura de Inspección en relación ao tema das vacantes.

Trátase o tema das prazas de Secundaria e diante da dificultade de establecer unha previsión realista no actual estado de cousas:

Acórdase solicitar aos Servizos de Inspección unha xuntanza ou varias para tentar definir na medida do posíbel a situación real de prazas de cada un dos centros de secundaria da provincia, no camiño de dispor de información o máis precisa posíbel en relación a este tema.